



AVOZ DO TÉCNICO



LORENA PÉREZ
Bayer

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Ante a subida do custo dos cereais, e nun mercado moi inestable, o que necesitamos é producir forraxes de gran calidade. Para iso necesitaremos facer un bo fertilizado, unha moi boa elección da variedade e un posterior seguimento do cultivo.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

O millo é un alimento que achega unha gran cantidade de enerxía á ración, polo que, cunha boa forraxe, poderemos diminuír moitísimo os custos de alimentación.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Conseguíamolo cun bo seguimento do cultivo, desde antes de sementar ata a posterior recolección. A produción mínima necesaria para que sexa rendible serían 30 toneladas de materia húmida. Por baixo desta cifra estaríamos a producir cun valor máis alto ao de mercado, entón sairía máis barato comprala a 70 euros/tonelada, que é o valor do mercado actual.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

Non hai nada exacto en canto ao momento da sementeira. Podemos observar que, nos últimos anos, sementeiras temperás teñen un mellor resultado ante sementeiras tardías. Falamos de sementar entre finais de abril e principios de maio, principalmente.

Coñeces as claves para lograr unha sementeira de millo óptima?

Tendo en conta a situación actual, con subas de prezos xeneralizada, inestabilidade en países produtores de sementes etc., garantir unha campaña de millo rendible é aínda máis importante do normal. Acudimos a técnicos de casas comerciais e distribuidoras de sementes de millo, así como de empresas de fertilizantes e fitosanitarios, para dar cos factores esenciais aos que lles prestar atención durante o proceso de sementeira e cultivo.



En canto a coidados, teríamos que facer analíticas de terra, fertilizacións en función dos datos que nos acheguen estas, unha elección da variedade adaptada á zona e sementar cunha temperatura no terreo entre 12 e 13 graos centígrados. A partir de aí, necesitamos facer un seguimento do cultivo para combater pragas e malas herbas, e con isto poderíamos alcanzar un bo rendemento e unha produción óptima.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

Para empezar, saber en que zona imos sementar o millo, porque hai diferenzas de altitude. O segundo sería a data de sementeira e, o terceiro, coñecer as nosas parcelas, é dicir, se ante un número elevado de precipitacións poderemos entrar a cultivar o millo ou non.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

A elección da variedade dependerá moito da zona na que vaíamos sementar. Non é o mesmo sementar en zonas pegadas ao litoral que en zonas do interior de Galicia, polo que nos decantaremos por híbridos máis ou menos rústicos en función da necesidade que teñamos, obtendo así o maior rendemento posible.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

Temos numerosos ensaios en toda a cornixa cantábrica, por tanto, os nosos híbridos son probados en condicións de estrés hídrico reais. Facemos valoración de varios condicionantes, como poden ser a produtividade, a sanidade, a calidade e a dixestibilidade do millo. Así mesmo, ademais de desenvolver variedades resistentes ao estrés hídrico e á seca, temos ferramentas dixitais que nos permiten facer sementeiras e fertilizacións variables e colleitas con mapa de rendemento.



FERNANDO NÚÑEZ
Caussade Semillas

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

En principio, o que faría sería decidir canto millo quero e podo meter na miña ración. Despois, basearnos nos custos de produción do propio millo, valorar o xurro que teño e facer analíticas para saber o que teño que achegarlle e o que non ás terras. Finalmente, facer un bo seguimento do cultivo. Se facemos a fertilización correcta e un bo control das malas herbas e das pragas, seguramente teremos unha colleita exitosa.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

É un produto que nos achega moitas toneladas de alimento por hectárea e, tendo en conta os custos, é moi interesante para unha explotación.

Cal é a produción mínima que se debería alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Unha produción mínima en Galicia sería sobre uns 25.000 ou 27.000 quilos, máis ou menos; todo depende dos custos. Moitas veces por aforrar, por gastar pouco en fertilizante, en herbicidas e en sementes, pensamos que imos conseguir o mesmo e non é verdade. Unha boa variedade, unha boa calidade de semente, unha cantidade de fertilizante razoable... Todo iso non son gastos, é investir no produto final.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

É algo que varía moito dependendo das zonas. Moitas veces se salientan as sementeiras temperás, pois con elas aseguradas que o cultivo non vai ter o mesmo estrés que un millo sementado máis tarde. Se sementamos antes, cando cheguemos a ese momento de secas ou estrés por calor, o millo estará desenvolvido e teremos unha produción máis asegurada. A data ideal sería a partir do 20 de abril e antes do 15 de maio.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

A data de sementeira e, sobre todo, a data de recollida. Así mesmo, a zona onde produzámos o millo, pois non é o mesmo estar nunha zona de costa ou de interior, non é o mesmo estar a 200 metros que a 800; iso inflúe moito.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

Sempre tentamos facer unha elección da variedade á carta da persoa que solicite o noso produto e tentamos que encaixe o mellor posible, tanto no referente a datas de sementeira como de recolección. Despois, temos en conta a zona, pois hai algunhas onde afecta máis un tipo de enfermidades, como poden ser o *Hemylthosporium* ou a *roya*.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

Temos unha cantidade de campos de ensaio bastante importante, sobre todo en Galicia. Para o apartado o estrés hídrico seleccionamos os terreos máis pobres, que están menos fertilizantes, onde nunca vas conseguir unha boa produción. A nosa dinámica de selección de variedades para controlar o estrés hídrico é a partir de proba e erro, sobre todo en zonas máis complicadas. ►



TOMÁS PÉREZ
Koipesol

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

O cultivo do millo ten practicamente todos os nutrientes que necesita unha vaca para producir leite. Evidentemente, case todos os silos necesitan un complemento de penso e de correctores, pero, canto mellor sexa a calidade do silo, menos penso necesitaremos. Un complemento moi funcional pode ser a sementeira dun par de hectáreas de xirasol para reducir os custos de fóra.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Agora mesmo, creo que non hai produción de millo mínima en ningunha das casas. A produción mínima vén limitada polo consumo da auga, por condicións climáticas, e o cambio climático está a limitar verdadeiramente a produción de todas as variedades debido á necesidade que ten o millo de ser regado e de que a pluviometría sexa alta.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

O momento ideal é cando a temperatura e o terreo están en condicións óptimas: entre 15 e 16 graos no chan e unha temperatura que estea ao redor dos 18 ou 20 graos. O ciclo é o de menos, porque podemos sementar en marzo, abril, maio ou xuño, e temos ciclos apropiados para todo. Un aspecto que hai que ter en conta é que en Galicia está limitada a sega de raigrás, polo que, dependendo de como veña a climatoloxía de choiva, daremos un ou dous cortes de raigrás e temos ciclos apropiados para sementar, incluso estando en barbeito.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

Os problemas veñen porque o cambio climático está aquí, setembro xeralmente é bo, pero, se nos metemos en outubro e queremos recoller un silo, todo o que non chove no verán pode chovelo nese mes. A pesar desa limitación, temos ciclos bos de 136 días, que se poden adaptar en sementeiras desde abril ata maio, incluso un pouco en xuño; e tamén temos ciclos de 120 días para esas cousas. Non deberíamos ir nunca a ensilar por encima do 15 de outubro, pois o cambio climático veu a Galicia para quedar.



DAVID CASTELLANOS
Semillas Fitó

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Temos que coñecer moi ben o potencial das nosas parcelas e, sobre todo, para o tema do millo, cultivar naquelas que sabemos que son produtivas, ben sexa por humidade constante ou por fertilidade.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

O millo é a forraxe máis rendible porque é o de maior cantidade de alimento, de materia seca, que podemos producir por hectárea. Ademais, achega enerxía e é apetecible para o gando, polo que é un cultivo rendible e importante en todas as explotacións de vacún de leite.

Cal é a produción mínima que se debería alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Primeiro hai que analizar a parcela e facer un estudo de chan e fertilidade. A partir de aí, é importante ter

un bo plan de fertilización, elixir ben a variedade en función da época de sementeira, de recolección, da climatoloxía etc. e, con todas esas pautas, sairá un cultivo rendible. Se en verde nos movemos nun arco que anda polas 30 ou 40 toneladas (unhas 10 ou 15 toneladas de materia seca), poderemos considerar que o cultivo se desenvolveu correctamente.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

A primavera é a época idónea, hai que aproveitar cando a temperatura supera os 12 graos centígrados. Antes da sementeira, facemos énfase nunha boa preparación do terreo e nunha boa fertilización de fondo, apoiándonos nesa analítica de chan para que o cultivo se desenvolva correctamente. Unha vez que se sementou, outro dos puntos esenciais é o control de malas herbas.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

A nosa recomendación é fixar unha data de recolección e, a partir de aí, tirar para atrás. En función da época de sementeira, que virá pola climatoloxía, polo cultivo anterior ou mesmo o acceso a maquinaria, elixiremos o ciclo adecuado entre data de sementeira e de recolección, que pode variar en función da zona. Quizais entre o 15 de maio e o 15 de setembro podemos optar por un ciclo medio nunha zona e noutras teremos que ir a un ciclo máis curto.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

En Galicia, as dúas condicións que debe cumprir un millo forraxeiro son que sexa rústico e que teña boa sanidade vexetal. A partir de aí, e en función de se o ano acompaña, se a preparación do terreo foi adecuada, se o control de adventicias foi correcto e se a fertilización foi boa, a produción está máis ou menos asegurada.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

Para as casas comerciais é fundamental, nos campos de ensaio e no desenvolvemento de variedades, que a rusticidade sexa unha das características máis importantes da variedade. ►

Camix[®] 560SE

La **evolución** del líder



Altos estándares de **CONTROL** con una formulación
más **SOSTENIBLE**

 Camix[®] 560SE

syngenta.



© 2022 Syngenta. Todos los derechos reservados. [™] y [®] son marcas comerciales del Grupo Syngenta.
Use los productos fitosanitarios de manera segura.
Lea siempre la etiqueta y la información sobre el producto antes de usarlo.



ÓSCAR LANZACO
Rocalba

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

A mellor estratexia é achegarlle ao cultivo o que necesita segundo o seu rendemento potencial, o que dependerá da zona e do tipo de chan. A partir de aquí, entra a xenética: existen híbridos de millo para cada zona e para cada solo.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

Cantidade e calidade. Non hai cultivo de verán que lle poida chegar ao gandeiro o que o millo proporciona tanto en materia verde por hectárea como en enerxías e materia dixestible.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Cun nivel medio de insumos, falaríamos de 45 toneladas de materia verde por hectárea, pois por baixo deste rendemento o gandeiro pode optar por adquirir ensilado acabado no canto de produci-lo na súa explotación.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

O mellor momento é cando a temperatura do chan supera os 10 °C durante tres días seguidos e sen que exista risco de xeadas. Aquí son decisivos os híbridos con bo vigor de partida e rápido establecemento, os cales permiten unha sementeira precoz mesmo en condicións non óptimas.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

A integral térmica entre o momento de nacemento e o período de madureza vains definir que ciclo cabe en cada

zona. De igual xeito, existen factores agronómicos, como pode ser a data de sementeira condicionada a un cultivo precedente, coma o raigrás.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

A resistencia ao estrés hídrico converteuse nun dos principais obxectivos da mellora xenética. Para iso, conxúganse estratexias que teñen en conta un potente sistema radicular, unha arquitectura foliar que permita alta produción coa máxima eficiencia fotosintética e unha elevada concentración de compostos fenólicos que regulen estomas para un óptimo aproveitamento da auga dispoñible sen menoscabo do rendemento forraxeiro.



ÁNGEL BLANCO
KWS

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Hai que optimizar gastos tendo en conta o prezo dos fertilizantes e da semente do millo, que tamén vai subir este ano. Hai que facelo da forma máis rendible posible, aplicando as doses recomendadas, tanto de sementeira como de fertilizantes e fitosanitarios. Ademais, temos que ser conscientes da importancia de acertar co momento de cultivar o millo.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

A achega fundamental é en enerxía, en amidón. Ademais de crear un volume de forraxe moi grande, que evidentemente tamén axuda a facer a ración, a principal función é achegar enerxía e dixestibilidade.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

É moi difícil falar de produción mínima porque depende do manexo que teña o cultivo, pero a partir duns 30.000 ou 35.000 quilos xa sería rendible a condición de que se consigan calidades óptimas da forraxe. É posible conseguir moita cantidade, pero se non o cultivas nunhas condicións óptimas de calidade de amidón, de fibra, de dixestibilidade e demais, o rendemento vai ser moito menor.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

Se falamos do período antes da sementeira, evidentemente cómpre ter as terras ben preparadas. Durante o ciclo de cultivo é necesario facer as aplicacións de herbicidas a tempo, telo todo o máis limpo posible para que creza da mellor maneira.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

É importante escoller o ciclo máis longo que poidamos meter na zona (desde o momento libre de xeadas, no que xa se poida sementar) e cultivalo antes de que cheguen as choivas. Despois, cada zona é diferente e posúe os seus condicionantes.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

Varía en función do ciclo que se traballe en cada zona. En Galicia, Asturias e Cantabria podemos atopar un abano de ciclos moi amplo: desde ciclos 200 ata ciclos 600 ou 700. En función de cada zona, facemos unha recomendación moi específica, para o que temos campos de ensaios en todas elas e coñecemos as variedades que mellor se adaptan a cada unha.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

Dispoñemos dunha serie de campos de ensaio nos que probamos de 20 a 25 variedades todos os anos. Trátase de ir vendo o que nos mandan desde as distintas estacións de multiplicación que temos en Europa e, a partir de aí, vannos enviando variedades para testar (en períodos de dous ou tres anos, normalmente). As que mellor se comportan ante factores como o estrés hídrico son as que sacamos ao mercado.



DAVID MILLÁN
Syngenta

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Os puntos críticos na optimización de gastos son os de sempre: decisións acertadas e eficiencia. Desde elixir o cultivo máis rendible polo que podemos optar, pasando por axustar a dose fertilizante necesaria con base á análise e ás expectativas e salvaguardar o potencial do cultivo ante calquera estrés, ata ensilar nas condicións idóneas e conservar a produción de maneira correcta.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

É un cultivo que o gandeiro coñece sobradamente e que supón unha forraxe altamente enerxética, fácil de producir e relativamente económico. Adáptase perfectamente ao que as vacas demandan. Achega un alto contido en enerxía, un considerable nivel proteico e de fibras, con perdas nutricionais mínimas, o que pode supor máis do 60 % da ración, polo que axuda a reducir custos e simplifica manexos.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

A xenética, o ambiente e o manexo do cultivo, xunto coa elección da data e densidade de sementeira, a fertilización, a rega, a data de colleita, o tamaño e a altura do corte, o tipo de procesamento do gran, a conservación e a utilización do silo terán unha influencia clave na calidade do silo de millo. Dar unha cantidade mínima sería xeneralizar moito, pois un dos factores sobre os que non podemos influír é onde estamos a producir e con que condicionantes edafoclimáticos xogamos.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

Xeralmente, sementeiras precoces favorecen rendementos superiores. Con todo, isto non garante unha alta produción. O máis importante é que se realice nas condicións correctas, cun leite ben preparado, cunha boa temperatura (o ideal sería entre 15 e 25 °C) e estable, así como cun contido adecuado de humidade. O normal é que a data ideal de sementeira nestas latitudes sexa entre mediados de abril e finais de maio.

Durante a sementeira deberemos coidar que a repartición e posterior nacemento da semente sexan homoxéneas, tanto en distancias coma en profundidade. Tras a sementeira teremos que estar pendentes da porcentaxe de implantación, vixiar e evitar danos por vermes de chan, aves, xabaril etcétera. Por suposto, outro aspecto clave é manter as parcelas limpas de malas herbas.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

Poderíamos dicir que todos eles parten ou se resumen na fórmula da integral térmica para un día, e o sumatorio destes graos/día durante o cultivo será o que nos indique cal é o ciclo polo que temos que decantarnos. Se sabemos que imos sementar despois de herba, a mediados de maio, e que necesitamos ensilar antes de outubro, deberemos calcular cal é a acumulación de temperatura coa que podemos contar nese período e ver ata onde podemos forzar o ciclo.



PABLO AMADO
Limagrain Ibérica

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Nas explotacións gandeiras temos un fertilizante moi importante, que é

o xurro, e debemos utilizalo da forma máis eficiente posible, do mesmo xeito que o cultivo do millo. Sabemos que este incrementou os custos nos últimos anos, pero é necesario seguir poñendo interese nel, non desanimarnos polo encarecemento de custos e controlar moi ben, de principio a final, o cultivo. Tamén debemos facer unha forraxe da máxima calidade posible, pois vai ser o que faga que as nosas vacas o transformen mellor en leite e obteñamos uns mellores resultados económicos.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

Achega unha gran cantidade de alimento por hectárea cultivada, ademais de ser un produto de excelente calidade. Así mesmo, permite reducir a cantidade de alimentos comprados e mesmo pode dar a oportunidade de elaborar gran húmido na propia explotación.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Pese ao importante incremento de custos, o cultivo de millo segue a ser moi rendible. A produción mínima podería situarse ao redor dun 25.000 kg de millo por hectárea. Con todo, non me fixaría tanto na cantidade senón na calidade. É fundamental seleccionar fincas, utilizar xenética e ciclos adecuados; a partir de aí hai que facer un bo control, tanto de herbas coma de pragas.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

O mellor momento para a sementeira pode ser o mes de maio. Con todo, a partir do 10 ou 15 de abril, se as condicións climatolóxicas son as adecuadas, tamén podemos facelo. Debe levarse a cabo un proceso de selección de variedades pensando na dixestibilidade e a conversión en leite. Tamén recomendaría pensar en que zona estamos e efectuar unha estratexia de produtos acordes ás necesidades que temos. Outros dous factores fundamentais son o control de malas herbas e o control de pragas. Por último, debemos ter en conta a dixestibilidade e a conservación de forraxe. ➤

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

Temos dúas variables: a rexión na que estamos e a data de sementeira. Canto antes sementemos, máis ciclo podemos meter. Isto é moi importante, pois nos últimos anos estamos a ver que zonas que tradicionalmente usaban ciclo 300, ou mesmo 200, agora están a sementar ciclo 400 e 500 debido ao adianto da data de sementeira, e a produción por hectárea incrementouse considerablemente. Nas sementeiras máis tardías non debemos comprometer a viabilidade do cultivo por sementar un ciclo moi longo, pois a integral térmica que sumará ao final de ciclo vai ser menor e debemos contar sempre co período de choivas.



HENRIQUE TEIXEIRA
MAS Seeds

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Para conseguir a maior rendibilidade dunha parcela de millo, o obxectivo será alcanzar o maior rendemento coa mellor calidade por hectárea. Debemos ter en conta o criterio de produción de Materia Orgánica Digestible (MOD) por hectárea. Canto maior sexa a produción MOD/ha, menor será o seu custo. Neste sentido, a elección da variedade adecuada é fundamental.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

O cultivo de millo é fundamental para conseguir a autosuficiencia alimentaria das ganderías. É un cultivo tradicional e moi ben adaptado á rotación nas zonas gandeiras da cornixa cantábrica, é unha excelente

fonte de enerxía polo seu alto contido en amidón e é moi versátil, pódese combinar facilmente para aumentar a achega en proteína ou en fibra.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

Dependerá de cada gandería. O gandeiro ten que saber os seus obxectivos de produción por ha e controlar os seus custos para sacar a maior rendibilidade. O que parece claro é que o gandeiro de mañá deberá ter máis vacas, máis extensión, e, por tanto, máis recursos humanos para poder xestionalo.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

O mellor momento para a sementeira do millo ensilado é aquel que nos garante unha implantación homoxénea do cultivo e o número de plantas por hectárea desexadas segundo o híbrido seleccionado. En canto aos coidados, é primordial aplicar boas prácticas agrícolas. Todos os anos vemos parcelas castigadas pola aplicación do tratamento herbicida no momento incorrecto e é algo que debemos evitar.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

Os factores fundamentais son a data de sementeira prevista e a data de colleita desexada. Dispoñemos de ferramentas que nos permiten realizar simulacións para saber se unha variedade concreta sementada nun momento determinado responde o obxectivo de data de colleita desexada.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

O noso *portfolio* de millo ensilado abrangue desde variedades FAO 200 a FAO 700 e busca responder as demandas particulares de cada cliente. As características comúns a todas elas son as nosas tres prioridades na selección de híbridos: alto rendemento, calidade alimentaria e boa resposta tanto ao estrés hídrico como ao térmico.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

A mellora e a selección xenética son a vía para conseguir híbridos máis

resistentes fronte ao cambio climático que garantan unha maior autosuficiencia nas explotacións agropecuarias e, con iso, a súa rendibilidade sustentable no tempo.

Cada ano, movemos parte da nosa rede de ensaios a zonas máis difíciles para analizar o comportamento dos nosos produtos en situacións de estrés para con iso seleccionar os produtos máis resistentes fronte ao cambio climático.



MIGUEL ÁNGEL POSE
Pioneer

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

Tendo en conta a conxuntura actual de custos, facer a sementeira do millo dunha forma economicamente rendible é moi importante. A elección dunha boa variedade, dun bo momento de sementeira e duns tratamentos adecuados vains permitir sacar o maior rendemento á nosa colleita.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

O beneficio é principalmente económico, xa que quizais é o alimento máis “barato” que lle estamos dando ao noso gando. A alimentación representa o custo máis importante para o gandeiro e, dentro desa magnitude, o millo xoga un papel fundamental desde o punto de vista nutritivo, pero non tanto desde o punto de vista económico. É un bo proceso cultural sementar cada vez máis hectáreas de millo, pensando na forraxe para as vacas e tamén nun posible substituto de fariña de millo nalgúns casos. ►►



El herbicida con efecto BOOST

A photograph of a lush green cornfield under a bright, hazy sky. A large, green, 3D arrow points upwards and to the right, starting from the bottom left and ending near the top right. The word 'ONYX' is written in white on the side of the arrow.

Más rapidez de acción
Mayor espectro de malas hierbas
Aumento de la sinergia



Para más información
Juan M. Lorenzo
666 530 517



Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

En Galicia, en practicamente todos os sitios se pode dicir que a produción de millo é rendible. Hai diferenzas xeográficas en función da zona, pero, salvo en anos onde hai uns condicionantes climatolóxicos moi extremos, como estes anteriores, se conseguimos ter 30 toneladas de produción de millo podemos considerar que estamos a ter unha produción rendible.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

O que máis condiciona é o factor climatolóxico. Hai algunhas zonas que están practicamente abocadas a unha sementeira de ciclos moi curtos. Por suposto, o feito de buscar tamén un ciclo adaptado á nosa zona, e ás nosas fincas en concreto, vai condicionar moitísimo a colleita. Tamén é preciso ter en conta a posibilidade de cultivalo nun momento idóneo de madurez da mazaroca e cunha boa sanidade vexetal.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

Temos unha gama de clientes moi ampla, para os cales temos tamén un catálogo comercial extenso. Temos clientes que sementan un ciclo 200 curto e outros que sementan un ciclo 700. A mellor solución para cada un faise dunha forma particular e, para iso, tamén contamos cun equipo de asesores técnicos que os visitan e dinlles, en función das súas necesidades e da localización do cultivo, cal é a variedade que mellor se adapta.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

Neste aspecto avanzouse bastante nos últimos anos porque empeza a ser un problema recorrente. Cada cinco anos sabemos que un ou dous van ser de moita seca. Estamos a lanzar unha gama de produtos que, a través do noso traballo de ensaios en toda a comunidade e noutras zonas de España, vemos que toleran un pouco máis o estrés hídrico en certos momentos moi determinantes para a planta, como é a floración.



ANA CALMARZA
Procace Semillas

Que consello clave darías para cultivar millo de maneira óptima?

É necesario medir de maneira precisa os custos do cultivo de millo. Un dos máis importantes é o fertilizante, así que sería bo facer análise de chan para optimizar a súa achega e poder utilizar fertilizante localizado e nitróxeno fraccionado, engadindo como complemento tanto esterco como xurros. A elección de parcelas con bos rendementos tamén é importante.

Que beneficios lles achega o cultivo de millo aos gandeiros na alimentación dos seus animais?

O principal beneficio é a redución de gastos producidos polo concentrado. Tamén é un cultivo de longa conservación e cunha grande achega de nutrientes na alimentación dos animais que, polo volume que se xera, fai que se poida aproveitar gran parte do ano.

Cal é a produción mínima que habería que alcanzar para que un cultivo sexa rendible?

É moi importante a data de sementeira. O ideal sería afrontala desde finais de abril ata finais de maio, xa que así conseguiremos un equilibrio perfecto entre a fibra da parte vexetativa e a materia enerxética na produción de gran. En ningún caso deberemos conseguir menos de 35.000 kg/ha.

Cal é o mellor momento para a sementeira e que coidados aconsellas?

O momento idóneo márcano as condicións climatolóxicas dentro dunhas datas acordes. A temperatura do chan non debe ser inferior a 10 °C e procuramos que as temperaturas diúrnas alcancen os 18 °C.

Antes da sementeira convén facer un bo laboreo, deixando o terreo o máis homoxéneo posible. Así mesmo, a aplicación de fertilizantes, herbicidas e tratamentos fitosanitarios farase antes ou despois da sementeira.

Que factores hai que ter en conta á hora de optar por un ciclo de millo ou outro?

Débese elixir en base ás condicións da granxa e ás necesidades que teña para esa campaña. Dependendo de onde estea situada a explotación, utilizarase un ciclo máis longo ou máis curto. Outro factor limitante é a data de sementeira.

Cales son as variedades que estás a recomendar e por que razón?

As recomendacións van en función, en primeiro lugar, da data de sementeira do millo. Búscase que teñan moi bo *stay green*, un gran potencial produtivo de gran e alta capacidade de masa foliar para que confiran ao silo de millo unha materia enerxética alta a través do amidón e da proteína do gran, así como unha moi boa palatabilidade e dixestibilidade a través da fibra que sae da planta verde.

Como se está traballando no desenvolvemento de variedades máis resistentes ao estrés hídrico?

Este xa é un problema en case todas as zonas do país. Están a encamiñarse todos os ensaios a buscar variedades máis tolerantes ao estrés hídrico, cun mellor *stay green* para chegar nas mellores condicións á fase de maduración e que teñan o mesmo potencial produtivo. ➔

EUROSIL[®]

ADITIVOS PARA ENSILADOS

- MAYOR VALOR NUTRICIONAL.
- REDUCCIÓN DE RIESGOS SANITARIOS.
- MAYOR PRODUCCIÓN Y RENTABILIDAD.



www.es.timacagro.com

✉ timacagro@timacagro.es
☎ 948 324 500



Timac AGRO
PIONEROS POR NATURALEZA



ALBERTE MOMÁN
Calfensa

Que consello darías sobre como fertilizar o millo de maneira correcta?

Hai que ter en conta que o fertilizante mineral non pode ser o fundamento da fertilización, senón un complemento. Se seguimos os traballos realizados pola investigadora do CIAM Dolores Báez, vemos que se demostrou empiricamente como podemos reducir considerablemente e, nalgúns casos, eliminar, a necesidade de utilización de fertilizantes minerais por medio da mellora dos recursos propios. Con respecto ao xurro, podemos mellorar a súa calidade ao tentar reducir o exceso de auga que entra dentro da fosa e, unha vez fermentado, ao achegalo ao terreo o que conseguimos é unha mellor fertilización.

Cales son as túas recomendacións básicas de fertilización?

Estamos a ver nas analíticas de chan que as achegas continuadas de fertilizantes minerais provocan uns niveis moi altos de potasio e de fósforo. Isto indícanos que estamos a fertilizar en exceso con determinados nutrientes, o cal é un gasto innecesario. Debemos centrarnos nesas achegas de materia orgánica que nos permitirán reducir custos. Cando realizamos estas achegas, temos que asegurarnos de que o chan ten as condicións óptimas para a súa correcta e efectiva descomposición e que así se liberen todos eses nutrientes.

Como podemos saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

O principal sería facer análises periódicas do chan: necesitamos coñecer en que situación está para poder tomar decisións posteriores. Así mes-

mo, cando traballamos con materia orgánica, o importante é examinala para saber que é o que estamos a introducir. Facelo periodicamente permítenos seguir a evolución do chan, non só nun momento puntual, senón ao longo do tempo, e así ver se realmente o que estamos a achegar é efectivo, porque, se non o fose, as analíticas nolo indicarán. Despois, cando hai algún tipo de problema, o propio cultivo mostrará signos diso.



NEMESIO GARCÍA
Fertiberia Tech

Que consello darías sobre como fertilizar o millo de maneira correcta?

Sempre apostamos por un plan de fertilización racional e sustentable. Por iso, recomendamos sempre facer unha analítica de terra, ver de que partimos e, a partir de aí, decidir que imos achegar.

Evidentemente, estamos nunha situación atípica, as materias primas están a uns prezos moito máis elevados do que estamos afeitos e iso ten que facernos pensar en utilizar fertilizantes con unidades moito máis protexidas, eficientes e mesmo que nos permitan fertilizar con menos cantidade.

Cales son as túas recomendacións básicas de fertilización?

Hai tres pautas que tentamos cumprir sempre. A primeira é que consideramos necesario facer un encalado previo, xa que o pH para o cultivo de millo é fundamental. Como segundo paso, posto que o que máis demanda o millo é o nitróxeno, fertilizaremos sempre con produtos altos en nitróxeno e protexidos. Por último, sempre recomendamos unha apli-

cación foliar en tratamento de pos-temerxencia. O millo, cando a planta é pequena, pode ter calquera estrés e minguar a colleita no momento da fase adulta, co cal, canto máis breve e curto sexa, máis colleita imos ter.

Como podemos saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

De cara ás carencias do cultivo, poñemos a disposición dos nosos distribuidores e dos gandeiros un grupo extraordinario de técnicos con experiencia en campo que fan seguimento do cultivo e, se detectan calquera enfermidade, ataque biótico, estrés ou carencia, poderán recomendar en consecuencia.



LAURA VÁZQUEZ
Delagro

Que consello darías sobre como fertilizar o millo de maneira correcta?

No contexto actual de prezos á baixa, e sobre todo co tempo que falta para fertilización, o máis recomendable é facer unha análise de terra; isto é fundamental. De igual xeito, debemos optimizar a aplicación dos diferentes produtos que teñamos a disposición ou ben buscar fórmulas a medida para complementar os fertilizantes de fondo.

Cales son as túas recomendacións básicas de fertilización?

No cultivo do millo sabemos que o principal nutriente, e o que a planta necesita durante todo o cultivo, é o nitróxeno. Debemos procurar repartilo, ou ben conseguir que estea dispoñible cando a planta o necesite.

Como podemos saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

A mellor forma de saber as carencias dun cultivo, neste caso o millo, é mediante unha analítica de solo. É a maneira de saber todos os nutrientes que temos dispoñibles para aplicar mediante xurro ou fertilizantes químicos e mesmo, en caso dalgunha deficiencia concreta, realizar unha análise foliar.



JOSÉ MANUEL VIDAL
Soaga

Que consello darías sobre como fertilizar o millo de maneira correcta?

Tendo en conta a situación actual de prezos dos insumos agrícolas, é moi importante optimizar o labor de fertilización para conseguir cultivos máis rendibles. Os meus principais consellos serían, en primeiro lugar, realizar analíticas de chan representativas das parcelas da explotación; en segundo lugar, calcular as necesidades nutricionais dos cultivos con base nunha produción estimada e, por último, de acordo cos resultados das analíticas obtidos e ás necesidades do cultivo, deseñar un plan de fertilización para cubrir as devanditas necesidades.

Cales son as túas recomendacións básicas de fertilización?

Primeiro, habería que realizar as correccións de pH naqueles casos nos que sexa necesario, para así aproveitar as unidades fertilizantes achegadas ao chan. A continuación, deberemos optimizar o uso dos recursos da propia explotación, como o xurro e o esterco. Unha vez que coñecemos as carencias e as necesidades nutricionais, elixiremos un produto comercial adaptado a cada

situación. Xa por último, recomendaría o uso de produtos que garantan a achega de nutrientes durante todo o ciclo do cultivo, para así asegurarnos de cubrir as súas necesidades ao longo de todas as etapas fenolóxicas do cultivo.

Como podemos saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

Podemos realizar unha analítica de chan previo ao establecemento do cultivo e, de acordo con iso, deseñar un plan de fertilización para corrixir. No caso de que estas carencias se poñan de manifesto unha vez que o cultivo xa se estableceu, deberanse achegar fertilizantes foliares ou produtos bioestimulantes que nos permitan aproveitar todas as unidades fertilizantes que están presentes no chan.



RODRIGO ARDURA
Timac Agro

Que consello darías sobre como fertilizar o millo de maneira correcta?

Actualmente, a conxuntura fixo que as materias primas coas que se fabrican os fertilizantes se disparasen de prezo; chegaron, nalgúns casos, por exemplo o nitrato, a subidas dun 300 %. Son altos tamén os aumentos en prezo para a urea, o sulfato amónico, o fosfato diamónico e o cloruro de potasa. Para obter unha fertilización que sexa eficiente e que non impacte demasiado na conta de resultados da explotación, debemos usar fertilizantes con poucas unidades, pero que sexan moi eficientes, que teñan sistemas de protección e que fagan que o rendemento do cultivo sexa o mesmo.

Cales son as túas recomendacións básicas de fertilización?

As características dos chans galegos fan que a dispoñibilidade dalgúns dos principais nutrientes sexa moi limitada; é especialmente alarmante no caso do nitróxeno e do fósforo. Debemos usar fertilizantes que protexan estes nutrientes, ademais doutros complementarios, coma o calcio, o magnesio ou o xofre, para que o rendemento do cultivo sexa óptimo.

Como podemos saber que carencias ten o cultivo e fertilizar en consecuencia?

Cada cultivo manifesta as carencias de nutrientes dunha maneira diferente, polo que o ideal é que un técnico de campo visite o cultivo e analice a situación en concreto. Algúns asesores dispoñen de medios cos que ver o pH, a condutividade e a actividade fotosintética. Tamén contan cunha ferramenta que fai fotografías satelitais da totalidade da superficie da comunidade galega cada semana, coas que se obteñen indicacións sobre o Índice Diferencial Normalizado de Vexetación (NDVI). Con esta información, o técnico de campo pode facer un diagnóstico correcto e dar a solución de fertilización que máis necesite o cultivo. ➤➤



MANUEL BARREIRO
FMC

Que implicou a normativa de uso de produtos fitosanitarios que se comezou a aplicar hai un par de anos?

Este é un real decreto da Unión Europea (UE) que busca garantir un correcto uso dos produtos fitosanitarios, así como a seguridade alimentaria, á vez que trata de que a agricultura europea sexa competitiva. Este último aspecto pómolo en dúbida, pois vemos que produtos que están prohibidos na UE están a utilizarse noutros países, de forma que teñen vantaxe a nivel produtivo respecto de Europa.

Que tiveses que cambiar para poder cumprir as obrigacións que levaba esta norma?

Tivemos que adaptarnos, nalgúns casos, a novas estratexias na aplicación de fitosanitarios. Isto afectou, entre outras, ás doses que traen os produtos, en moitos casos menores dos que estaban afeitos a utilizar. Todo iso veu provocado pola necesidade de asentar os produtos fitosanitarios que mercan no seu caderno de explotación. A normativa tamén obrigou a que todos os usuarios que utilicen fitosanitarios estean inscritos no Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria.

Cales son as principais dificultades á hora de adaptarse a ela?

As maiores dificultades quizais sexan un aumento da burocracia, pois hai que rexistrar todos os movementos de produtos, e, en moitas ocasións, a subida dos custos, xa que os distribuidores tiveron que adquirir novos softwares onde lotean os produtos etc. No que respecta á formación, creo que non houbo dema-

siados cursos por parte da Administración. Os poucos que houbo foron iniciativa da Asociación Empresarial para a Protección das Plantas ou das propias industrias do sector, que lles ofreceron formación e softwares aos distribuidores finais.

De que xeito beneficiou ao sector a aplicación desta normativa?

Eu diría que trouxo consigo unha maior seguridade do operador, unha mellor trazabilidade dos produtos fitosanitarios e un uso máis responsable destes; en definitiva, unha maior concienciación por parte de todos para un mellor uso dos fitosanitarios.



MARCOS EXPÓSITO
Sipcam

Que implicou a normativa de uso de produtos fitosanitarios que se comezou a aplicar hai un par de anos?

O Real Decreto 285/2021 do 20 de abril regula as condicións de almacenamento e vendas entre países importadores e exportadores. Ademais, implementa unha nova ferramenta que non deixa de ser un rexistro electrónico de transaccións e operacións con produtos fitosanitarios co obxectivo de buscar a máxima trazabilidade dos produtos e un uso sustentable e eficiente.

Que tiveses que cambiar para poder cumprir as obrigacións que levaba esta norma?

O cambio máis importante foi nas empresas. Tanto fabricantes coma distribuidoras e puntos de venda de produtos fitosanitarios tiveron que adaptarse para poder implementar

o novo sistema electrónico, chamado Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria.

Cales foron as principais dificultades á hora de adaptarse a ela?

As propias da implementación dunha nova aplicación, co que implica a nivel interno nas empresas, pois supón un pequeno período de adaptación. Si nos consta, e fomos asistentes tanto as empresas proveedoras e os fabricantes como as distribuidoras, a organización de varias xornadas que convocou o Ministerio de Agricultura. Ademais, desde as propias empresas, como é o noso caso, implementamos xornadas de formación para a nosa distribución, así como para os puntos de venda e para os gandeiros. Mesmo editamos varios vídeos explicativos e puxemos a disposición dos clientes un correo electrónico e un teléfono de contacto para resolver dúbidas.

De que xeito beneficiou ao sector a publicación desta normativa?

Principalmente, pola inmediatez da trazabilidade dos produtos e pola procura dun uso sustentable e eficiente destes. ■

O TEU LABORATORIO DE CONFIANZA



**ROCK RIVER
LABORATORY SPAIN**

MARIA HERMIDA

Análise NIR de ensilados e forraxes

Análise microbiolóxicos de ensilados, forraxes, etc...

Procesamento do gran en ensilado de millo (KPS)

Análise de micotoxinas (LC MS/ MS)

Análise de augas

Análise de terras

**Chámanos
e informámoste
sen compromiso**

Análise de purín

Pol. Ind. Lalín 2000, Parcela A 8 - LALÍN Pontevedra

T.986 597 195 / M. 629 901 290

www.rockriverlab-spain.com - maria@rockriverlab-spain.com